

Proposta inicial de acción conxunta para reivindicar o espírito de consenso do PXNLG e o seu cumprimento no 10.º aniversario da súa aprobación

EXPLICACIÓN XERAL

O día 22 de setembro de 2014 cúmprense 10 anos da aprobación por unanimidade no Parlamento do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXGNL), un documento no que se reflicten importantes acordos en canto a medidas para desenvolver e obxectivos para acadar no proceso de normalización lingüística en todos os ámbitos sociais.

Teñen eses obxectivos mínimos e medidas do PXNLG o gran valor de que, a proposta de diversas comisións técnicas e con participación de entidades varias e persoas expertas, foron acordadas, consensuadas e aprobadas por unanimidade no Parlamento, o que significou que se establecese un horizonte común mínimo no proceso de normalización da lingua galega en relación co que se debía ir facendo nos diversos ámbitos sociais e a onde se quería ir chegando.

Pero hai uns anos o Partido Popular descolgouse unilateralmente dese acordo e o goberno da Xunta que sustenta non está a aplicar as medidas nin a procurar os obxectivos acordados en ámbitos como, por exemplo, o ensino, a xustiza, os medios de comunicación, a administración, a sanidade, etc.

Deste xeito, desde as diversas entidades que traballamos a prol da lingua a nivel galego, cómpre unha acción conxunta para reivindicar unánime e enerxicamente o espírito de consenso do PXNLG e o seu cumprimento, coincidindo co 10.º aniversario da súa aprobación parlamentaria.

OBXECTIVOS XERAIS

- Visibilizar o PXNLG, os seus obxectivos e medidas, como horizonte común mínimo de consenso no proceso de normalización da lingua galega.
- Reivindicar o cumprimento do PXNLG, pedíndolle ao goberno galego que execute as medidas nel consensuadas.
- Visibilizar unidade arredor dun denominador común mínimo por parte das entidades sociais que traballan a prol do galego.
- Evidenciar que é o goberno galego quen unilateralmente se afastou do consenso do PXNLG.
- Reivindicar o espírito de consenso e de participación do PXNLG para avanzar no proceso de normalización da lingua.

PROPOSTA INICIAL

A proposta inicial é a de facer unha conferencia de prensa conxunta por parte das diversas entidades para, desde a diversidade, mais con unidade, reivindicar ese espírito de consenso e participación do PXNLG e para solicitar unanimemente o seu cumprimento. De se considerar axeitada a proposta, esta podería ser a vindeira semana (a do 22-26 de setembro) en Santiago de Compostela, nalgún lugar simbólico. Proponse, en principio, o mércores 24 a primeira hora da tarde ou o xoves 25 pola mañá.

Isto non estaría promovido por unhas entidades e apoiado por outras, senón que sería unha acción conxunta, promovida ao mesmo tempo e do mesmo xeito por todas elas.

ENTIDADES QUE SE PROPÓN QUE PARTICIPEN

Proponse que participemos todas aquelas asociacións que, a nivel nacional, teñen como obxectivo principal traballar a prol da lingua e mais as que teñen como obxectivo principal a mellora do ensino público e mais a normalización lingüística neste, pola importancia deste ámbito do ensino para a lingua e por ser nese ámbito onde se centran algúns dos principais incumprimentos do PXNLG. Deste xeito, proponse a participación de:

- A Mesa pola Normalización Lingüística
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)
- Associação Galega da Língua (Agal)
- Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)
- Coordinadora Galega de Equipos de Normalización Lingüística (CGENDL)
- Nova Escola Galega (NEG)
- Prolingua
- Queremos Galego

CUESTIÓNS PARA ACORDAR E PECHAR

- Ir confirmando que todas as entidades propostas participan nesta acción conxunta.
- Acordarmos onde e cando se fai a conferencia de prensa.
- Acordarmos quen convoca os medios.
- Definirmos un guión-escaleta do acto.
- Etc.